



Concello de Vigo-Secretaría Xeral

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS,

CERTIFICO:

Que a Comisión Informativa Especial de Contas, na sesión especial de 20 de maio de 2020, ditaminou a seguinte proposta:

ÚNICO.- DITAME DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2019. EXPTE. 148/143

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, emite voto ponderado de conformidade co acordo adoptado polo Pleno en sesión do 1.07.19, e por sete votos a favor (Grupo Municipal Socialista) e tres abstencións (Membro non Adscrito e Grupo Municipal Mixto e Grupo Municipal Popular) eleva ó Pleno do concello a seguinte proposta:

- a) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2018), correspondente á Entidade Local, saldo acredor 27.636.126,27 euros e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, saldo debedor 1.434.038,75 euros, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).
- b) Aprobar a dotación de amortizacións na entidade por unha contía de 6.620.160,32 euros e 6.720.213,19 euros nos estados consolidados.
- c) En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 45.720.261,44 euros na Entidade é 47.405.911,73 euros para os estados consolidados.
- d) Aprobar a Reclasificación da débeda en relación coa liquidación negativa da cesión de tributos e FCF dos anos 2008/2009/2017 de longo prazo a curto prazo polas compensacións que corresponden ao ano 2020, por una contía de 5.189.418,02 euros.
- e) Ditaminar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano 2019, composta polos seguintes estados e contas anuais:



- Balance.
- Conta de resultado económico-patrimonial.
- Estado de cambios no Patrimonio Neto.
- Estado de fluxos de efectivo.
- Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.
- Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2019.

f) Unha vez ditaminada, someter a mesma aos requisitos de publicidade e demais trámites que esixe o art. 212.3, e 4 do TRLRFL e a Lei galega.

De non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación, e posterior remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación antes do día 1 de outubro.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais para a súa remisión por procedementos telemáticos para a rendición das contas, coas modificacións introducidas polas polos Acordos do Pleno do Tribunal de: 30 de xuño de 2009, 20 de xullo de 2010, 3 de maio de 2011, 26 de novembro de 2015, 31 de maio de 2016, 31 de marzo de 2017, así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais.

E para que conste, a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.

